

EDLG 2016 - 2017

**PROXECTO DO EQUIPO DINAMIZADOR DA LINGUA GALEGA (EDLG)
CURSO 2016 - 17**

INTRODUCCIÓN

Desde hai anos véñense desenvolvendo no ceip **LÓPEZ FERREIRO** de Santiago de Compostela, actividades e iniciativas dirixidas a potenciar o coñecemento e uso da que sen dúbida é a manifestación máis senlleira da nosa cultura, a lingua galega.

O labor en prol deste ben foi e é tarefa de toda a comunidade educativa que, a través dos equipos directivos, o profesorado e o alumnado quixeron pór curso tras curso, na medida das súas posibilidades, o seu gran de area no proceso de regularización, normalización e dinamización da lingua galega como ben máis prezado da manifestación cultural dun pobo.

Este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que deberá ser considerado continuación e proxección á vez.

INTEGRANTES DO EDLG

Seguindo as directrices do Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010 (DOG nº 97 de 25 de maio de 2010), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o EDLG do ceip LÓPEZ FERREIRO está constituído por profesorado, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro, sendo elixidos conforme á lei: o profesorado, segundo proposta do claustro de profesores; sendo o director do centro o responsable do seu nomeamento. A dirección do EDLG correrá a cargo dun coordinador, membro do claustro.

Coordinador:

José Ramón Carril Vázquez

Membros do profesorado:

Celsa Míguez Noya – mestra de educación infantil

José Vázquez Castro – mestre do 2º curso de e. primaria

Ana Robles González – mestra de educación relixiosa

Enrique Martínez Gómez – mestre de educación física

Ademais dos nomeados colabora co equipo todos os Mestres/as titores/as do centro,

Así como o profesorado especialista.

OBXETIVOS XERAIS

- 1 – Garantir a posibilidade de convivir utilizando a lingua galega**
- 2 – Reforzar o traballo para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuizos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma galego.**
- 3 – Introducir na comunidade a oferta positiva de establecer a comunicación en galego como norma de cortesía.**
- 4 – promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que aumente a súa demanda.**

5 - Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

6 – Fomentar o uso do galego de xeito que se superen as carencias que se observan nos primeiros estadios do ensino.

7 – Lograr unha competencia plena no idioma galego que repercuta de forma afectiva na súa posible adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.

8 – Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.

9 – Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.

10 – Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade.

11 – Presentar a cultura galega e a súa lingua como unha fiestra aberta ao mundo.

12 – Comprender que o galego constitúe a nosa maior riqueza cultural.

13 – Facer ver a cultura galega como unha forma de ser e estar no mundo.

14 – Identificar o uso do galego cunha actitude diante da vida e un talante diante do mundo, que implica a asunción da cultura galega e a súa definición actual.

CARACTERIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE CENTRO

Punto de partida: lingua materna do alumnado

Lingua ambiental predominante

Punto de chegada: coñecemento semellante de galego e castelán

O que faremos a seguir será enunciado unha serie de pautas que axuden a definir

esa planificación e concretado e adaptado a realidade do noso centro.

Como o obxectivo final xa ven dado pola lexislación temos que definir co maior detalle posible cal é o noso punto de partida e os medios con que contamos.

O decreto 124/2007 fai referencia ao contorno do centro, cando se fala de contornos galego falantes e castelán falantes. Este contorno, tal como nós o concibimos, é un concepto que non debe entenderse como o espazo físico e social no que se insire o centro (contexto), senón como a suma de todos os elementos básicos que inflúen no proceso educativo.

Pautas a seguir: o marco legal

Artigo 7 do decreto 124/2007

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base do aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e co profesorado.

A lingua materna predominante será establecida polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico.

Referente a primaria, impártense obrigatoriamente en galego as áreas de coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e os dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Deste xeito a nosa planificación moverase dentro das pautas que sinalan as leis, pero sen esquecer que debemos de ampliar de xeito significativo a utilización do galego máis alá dos mínimos sinalados no decreto.

Presentamos en primeiro lugar unhas pautas para a adecuada definición deste contorno, incluíndo nel tanto o contexto físico e social coma os axentes esenciais do proceso educativo: profesorado e alumnado..

Os índices que consideramos máis relevantes para ter un bo coñecemento da realidade sociolingüística do centro son as seguintes:

- 1 - O contexto sociolingüístico do centro**
- 2 – A situación do profesorado**
- 3 – A situación do alumnado**
- 4 – A ambientalidade lingüística do centro**

Nembergantes non podemos esquecer que o índice máis importante para calquera planificación é a situación do profesorado.

Oferta académica.

Educación Infantil (2º ciclo)

Educación Primaria

Alumnado matriculado.

pode ser obxecto de modificación ao longo do curso

CURSO	Nº GRUPOS	ALUMNOS
3 anos	2	50
4 anos	2	50
5 anos	3	70
1º EP	2	52
2º EP	2	49
3º EP	2	55
4º EP	2	48
5º EP	2	51
6º EP	2	49

Total alumnado 470

Materias impartidas en lingua galega

Ciencias naturais

Ciencias sociais

Lingua galega

Música

Educación Física

No resto das materias procúrase usar o galego como lingua principal da aula, pero

non debemos esquecer as materias que se teñen que dar en lingua castelá ou en

lingua estranxeira (inglés e, se é o caso, francés)

Reforzo

En canto se detecten dificultades no uso e aprendizaxe en lingua galega poñeranse

en funcionamento as medidas de reforzo educativo tanto individuais como colectivas que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

Entre estas medidas estan o aumento das conversas, a introdución en xogos, grupos de teatro, reforzo en traballos escritos para revista, aumento da capacidade lectora na biblioteca de centro e na de aula etc.

Estas e outras medidas que se poidan adoptar terán unha avaliación trimestral.

1 – Santiago de Compostela

2 – Centro público de educación infantil e primaria

3 – lingua habitual dos fogares: predomina o castelán

4 – lingua habitual nas interaccións comunitarias: predomina o castelán

5 – lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados: Só galego

6– Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno: Só galego

Segundo datos do Instituto Galego de Estadística (2004), enquisa de conscións de vida das familias; coñecemento e uso do galego (2003), e observando o gráfico 5, lingua habitual nas cidades galegas nos atopamos cos seguintes datos:

Santiago de Compostela:

Falan só castelán o 32´1 % da poboación

Falan máis castelán que galego o 22´8 % da poboación

Falan máis galego que castelán o 15´9 % da poboación

Falan só galego o 29'3 % da poboación

O que nos daría un uso maioritariamente do castelán dun 54'9% fronte a un 45'2% de galego.

A situación do profesorado

7 – Lingua habitual do profesorado: castelán e galego por igual

8 – Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente: boa

9 – Disposición do profesorado para facer cursos de reciclase e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada: boa

10 – Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo:

Favorable

11 – Actitude de profesorado cara á normalización social do galego: moi favorable

A situación do alumnado

12 – Lingua habitual do alumnado: Predomina o castelán

13 – Lingua habitual da súa familia: Predomina o castelán

14 – Lingua usada pola alumnado no ámbito escolar: Castelán e galego por igual

15 – Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior: Boa

16 – Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo:

Desfavorable

17 – Actitude do alumnado cara á normalización social do galego: Moi favorable

Ambientalidade lingüística do centro

18 – Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros etc, : Plena

19 – Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións: Pleno

20 – Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais: Amplo

21 – Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro: Pleno

22 – Emprego da lingua galega por parte da ANPA: Amplo

**23 – Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares:
Amplo**

24 – Dotación de fondos en galego na biblioteca: Boa

25 – Presenza da lingua galega na utilización das TIC: Aceptable

26 – Visibilidade das accións do EDLG: Plena

Contorno castelanófono

Medidas adoptadas para garantir o aproveitamento das ensinanzas a alumnado que non teña suficiente dominio das linguas

O alumnado que chegue ao CEIP López Ferreiro procedente doutros países ou doutras comunidades autónomas españolas, de xeito xeral, situarase no curso que lle corresponda segundo a súa idade e nivel curricular, así e todo, aquel alumnado

que, ben pola lingua vehicular que posúa ou polo desaxuste de coñecementos adquiridos cos do curso que lle corresponde, seralles aplicado o protocolo de actuación que se estableza no plan de acollida do Alumnado Foráneo que o Equipo Directivo, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e, na medida do posible, o Departamento de Educación e o de Servizos Sociais do Concello teñan elaborado, logo da súa aprobación polos órganos colexiados do centro e recibido o conforme pola inspección educativa.

Tanto no caso de alumnado procedente doutros países como no de alumnado procedente doutras comunidades españolas, o primeiro obxectivo polo que respecta á lingua galega, será o de dotalos das estruturas lingüístico-comunicativas necesarias en lingua galega, para o cal o profesorado deseñará e realizará as oportunas actividades, procurando o uso das TIC, medios audiovisuais, material en distintos soportes da biblioteca do centro...en xeral, facendo todo aquilo que motive ó alumnado e que promova unha boa intercultural relación entre os nosos estudantes.

En calquera caso, partirase da idea de que un alumno estranxeiro non pode considerarse sen máis un alumno con necesidades educativas especiais, e que hai que potenciar e recoñecer a lingua dos estudantes inmigrantes coa finalidade de promover a difusión intercultural.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

As actividades de carácter permanente son de dous tipos

- a) os que atinxen somentes os noso centro**
- b) os que traspasan o noso centro**

entre os proxectos do primeiro grupo estan a revista escolar “Pegada”, o cambio de rotulación de aulas e dependencias, a elaboración do planning, o calendario escolar, a elaboración de libros e material de apoio curricular, grupo de teatro, elaboracións de unidades didácticas de conmemoracións máis salientables como o magosto, o Nadal, o día da paz, o entroido, o día das letras galegas etc.

participación en concursos organizados por outros organismos ou institucións, visitas culturais co gallo de coñecer a historia e a cultura propia de Galicia.

Campaña de fomento da lectura

Vixilancia da normativa legal en materia de normalización lingüística.

entre os proxectos do segundo grupo temos o concurso “Falemos da nosa Historia” ao que estan invitados todolos centros de Galicia que escolaricen alumnado de 5ºe 6º curso de primaria, 1º e 2º curso da ESO.

Revista escolar

Obxetivos:

- 1 – fomentalo uso da nosa lingua en todo tipo de actividades comunicativas
- 2 – despertala interese dos nosos alumnos e alumnas pola elaboración do material tanto escrito como icónico propio dunha revista escolar.
- 3 – axudalos a que sexan quen de buscar información e de discriminar a noticia puntual e interesante.
- 4– tratar de conseguir que se expresen con claridade e precisión.
- 5– coñecer e valorala importancia dos medios de comunicación.
- 6 – favorecela creatividade e potenciala imaxinación.
- 7 – valoralo medio sociocultural no que viven e respetalo.
- 8 – potencialo traballo en equipo
- 9 – desenvolveo gusto pola estética e polo traballo ben feito.

Actividades

Por parte do equipo de mestres/as

- 1 – selección e difusión da bibliografía xeitada
- 2 – preparación do traballo a realizar en cada aula
- 3 – postas en común para realizalas orientacións metodolóxicas oportunas, así como rectificar ou continuar a liña seguida.
- 4– coordinalo traballo do alumnado.
- 5 – programar saídas interesantes ó entorno tanto de tipo cultural como social ou lúdicas.

6 – enmaquetado da revista.

7 – difusión da revista na comunidade escolar, no seu contorno e diferentes organismos e administracións.

Por parte dos alumnos/as

1 – recollida de información e selección da máis interesante.

2 – elección democrática de titulares e de noticias puntuais de interese común.

3 – elaboración de noticias, artigos, contos, poemas, cómics etc....

4 – elaboración de actividades de lecer: encrucillados, xogos de palabras, xeroglíficos etc.

5 – realización de entrevistas.

6 – realización de iconos, debuxos, ilustracións.

7 – realización e selección de fotografías de festivaís e eventos.

Temporalización

Estas actividades realizaranse ó longo de todo o curso escolar, para tratar de

recoller os aspectos máis salientables da vida escolar e tentar de reflectilo traballo

dun ano.

A revista publicarase no mes de maio.

Elaboración de unidades didácticas.

Obxetivos

1 – Fomentalo uso da lingua galega.

2 – Espertalo interese pola realidade cultural e polas tradicións.

3 – Valorala importancia da cultura como un ben común.

4 – Dispoñer de materiais axeitados para o desenvolvemento da nosa tarefa.

Actividades

1 – Selección de materiais e elaboración de unidades didácticas referentes a:

O Magosto

Día da Paz

O Entroido

O Medio Ambiente

O día das Letras Galegas

Os Maios

Dar a coñecer o material seleccionado e/ou elaborado entre todo o profesorado e

tentar de poñelo en práctica.

Grupo de Teatro

Obxetivos

Fomentalo uso da nosa lingua mediante a lectura de textos de escritores

importantes.

Interesar ós alumnos e alumnas na elaboración de material de teatro, textos como

vestuario, decorados etc.

Axudalos a ser quen de buscar o material axeitado para a realización das obras.

Tratar de conseguir unha fonética e dicción axeitada á nosa lingua.

Valora la importancia do teatro e dos contacontos na nosa cultura, tanto popular

como actual.

Potencionalo coñecemento do teatro, potencialo e divulgalo.

Favorecer a creatividade.

Actividades

Selección do material correspondente, e a súa adaptación.

Debe entenderse que as obras de teatro e contacontos proceden de obras de teatro ou novelas de autores moi importantes, si ben todas as obras representadas son adaptadas a o alumnado polo EDLG ou ben escritas polos propios mestres e mestras do colexio.

Estas actividades realizaranse ao longo do curso escolar, con ensaios semanaís, e facendo alomenos unha representación no mes de maio.

Falemos da Nosa Historia

Naceu este proxecto co gallo de contar a nosa historia dun xeito máis lúdico que formal, dun xeito diferente ao que nos teñen acostumados os libros de historia.

Tentase no fondo de facer unha redacción que nos conte a historia da nosa terra a través de ditos e refráns que van compoñendo a Galicia de hoxe.

Para iso os alumnos participantes deben contar ca axuda dos seus devanceiros, ademais rebuscar en enciclopedias e usar outros medios como as novas tecnoloxías, TICs, o significado deste dito popular.

Este proxecto traspasa os límites das nosas aulas, xa que están invitados a participar todos os alumnos/as de centros públicos e privados de Galicia que

escolaricen nenos/as de 5º e 6º de primaria, 1ºe 2º curso da ESO.

Tamén traspasa os límites do noso colexio porque están implicados os seguintes

organismos e institucións:

Facultade de Ciencias da Educación (USC)

Dirección Xeral de Centros e Innovación Educativa (Consellería de Educación)

Fundación Pedro Barrie de la Maza

Exc.. Deputación de A Coruña

Concello de Santiago

Consello da Cultura Galega

Fundación Amigos de Galicia

Fundación AFundación (antiga Caixa Galicia)

Real Academia Galega (RAG)

Breve análise sociolingüístico de actividades

Revista escolar “Pegada”

A revista escolar “Pegada” é feita exclusivamente polos nenos e nenas do colexio

desde 3 anos a 6º de primaria.

Está composta por 65 (co aproveitamento da contracapa) cariñas e ten a seguinte

distribución:

Editorial, única folla escrita por un mestre ou mestra.

O editorial o escribe a persoa que remata a súa vida laboral, facendo unha breve

lembianza da súa andaina profesional e así deixarnos a súa pegada na nosa

“Pegada”.

Tres cariñas corresponden a fotografías de conmemoracións realizadas no centro

como O Magosto, Nadal, entroido, teatro, concursos etc.

Catro cariñas corresponden ao concurso “Falemos da Nosa Historia”, unha cariña é a acta do xurado e as outras 3 corresponden ao traballo ganador.

O resto das cariñas distribúense en 3 por cada unha das 19 titurias do colexio.

A tirada anual é de uns 430 exemplares anuais.

”Grupo de teatro “Máscara”

O grupo de teatro ten como un dos obxetivos principais o fomento do uso da nosa lingua mediante a lectura de textos de escritores importantes.

Todo os anos cambiase a obra.

Así mesmo os nenos e nenas que integran o grupo de teatro son tamén os presentadores dos festivaís ou entrega de premios do colexio.

Avaliación

Os equipos de ciclo, e máis especificamente o de Normalización e Dinamización

Linguística, baixo a supervisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e o

Equipo Directivo, determinarán os mecanismos e instrumentos necesarios (como

poden ser: a realización de estadísticas de uso da lingua galega, a realización de

sondaxes, a observación directa...) para a consecución de datos que lles permitan,

nas súas reunións mensuais, coñecer o grao de cumprimento dos obxetivos

inicialmente propostos. En función desta análise, estableceranse as oportunas

modificacións e axustes.

Así mesmo, o centro encargarse de difusión pública dos resultados acadados, sinalando cáles serán as medidas a tomar e as modificacións a realizar, ben sexan de corrección ou de ampliación do plan.

Conclusións

Dado que nos atopamos nun contorno castelán falante claro, debemos motivar ao alumnado a adquisición da segunda lingua, sendo a aula o lugar idoneo para a adquisición da motivación necesaria para poñer en práctica todas as medidas dinamizadoras.

O aprendizaxe da lectoescritura que os nenos/as fan desde os primeiros momentos da súa incorporación as escolas, debe de estar apoiada por unha maior lectura de libros e cadernos en galego, xa que fomentando a súa lectura chegaremos a facer galego falantes a maior parte dos nosos alumnos/as.

Así mesmo o alumnado debe implicar, co equipo, en facer material de apoio curricular, que ao mesmo tempo que lle permite reforzar os seus coñecementos en calquera área ou materia curricular lle poida permitir reforzar os seus coñecementos na nosa lingua, por todo iso desde o equipo de normalización e dinamización lingüística propoñemos a creación dunha plaza de bibliotecario en cada centro cunha dedicación de alomenos unha hora, ou sesión, diaria para poder

atender e organizar o servizo e posibilitar os préstamos de libros necesarios para desenvolver o gusto de ler na nosa lingua.

CURSO ESCOLAR 2016 - 17

O EDLG programou para o curso académico 2016 - 17 as seguintes actividades.

1 - Continuar elaborando e potenciando a revista escolar “Pegada”, na que intervirán todos os alumnos/as de e. Infantil e primaria.

2- Facer traballos en todos os ciclos de educación infantil e primaria, co gallo de lembrar as conmemoracións máis salientables ó longo do curso escolar, tales como o magosto, nadal, antroido, día das letras galegas, máis as recomendadas no calendario escolar da Consellería de Educación e O.U.

3- Continuar os traballos do grupo de teatro “Máscara”, tanto a nivel de obra coma contos, para representacións tanto internas (do centro), coma externas (participación en concursos).

4 - Tentar de poñer en marcha outro concurso, dentro do macro proxecto “Falemos do noso”, co título de Falemos dos nosos contos (proxecto de bases adxunto).

5 - Participar nos concursos organizados polos diferentes organismos ou institucións, nos que se fomenta o uso da lingua e literatura galega, así como a nosa historia .

6 - Continuar organizando o concurso “Falemos da nosa Historia”, que ten unha proxección autonómica.

7 - Realizar visitas culturais, organizadas polas distintas administracións e que teñan relación coa nosa lingua, historia ou literatura.

8 –Elaboración de materiais de apoio curricular:

“Os contos da miña escola” – libro de contos con actividades de lectura comprensiva. Funcionará con carácter experimental nos cursos 4º e 6º

Workbook 6th: caderno de traballo de inglés (en galego) para alumnos/as de 5º e 6º de primaria.

English Grammar for our pupils. Libro de gramática inglesa escrito en galego, e deseñado para todos os niveis (apoio aos contidos curriculares de cada curso)

Cambio de formato dentro dos cadernos de “Temos un problema”. A petición de diferentes titores/as cambiaremos o formato dentro dalgún caderno, e noutros casos cambiaremos problemas polo grao de dificultade.

Introdúcese este curso o solucionario (só pra mestres/as)

9 - Continuar ca campaña de fomento da lectura en galego.

Seguir a colaborar na elaboración e desenrolo do plan lector.

10 - Vixiancia da normativa legal en materia de Normalización Lingüística, facendo periódicas campañas de recordatorio e actualización da lexislación vixente.

11 – Elaboración do calendario anual, planning e calendario de sobremesa.

A partires do ano 2007 elaborase un calendario no que estarán sinaladas dúas datas, por cada mes do ano, de especial relevancia para Galicia, e como debuxo levará un dos carteis con que se decora o centro co gallo do día das letras galegas. Este curso comencamos ca elaboración dun calendario de sobremesa feito a pertires de 12 debuxos con lema en defensa da lingua galega.

Planning.

Os alumnos/as do 5º e 6º de primaria farán unha investigación para marcar 366 datas correspondentes aos 366 días do ano, e así facer un planning único para distribuír por aulas e dependencias do centro, así como a Facultade de Ciencias da Educación, Concello de Santiago e outros organismos e dependencias tanto publicas como privadas.

12 – Vixiancia no desenrolo do proxecto lingüístico e demais normas que atinxen ao uso do galego segundo a normativa vixente.

13 – Impresión do libro de contos “O Trasguiño Guiño” para agasallar aos nenos/as participantes en diferentes concursos.

14 – Axenda escolar para todos os alumnos/as de primaria.

15 – Concurso (interno) de cartel e lema.

16 – Caderno de titorías.

17 – Blogue de Normalización.

Realización da revista escolar “Pegada” nº 13

Obxetivos

- 1- Fomentalo uso da nosa lingua en todo tipo de actividades comunicativas**
- 2 - Espertala interese dos nosos alumnos e alumnas pola elaboración do material tanto escrito como icónico propio dunha revista escolar.**
- 3- Axudalos a que sexan quen de buscar información e de discriminar a noticia puntual e interesante.**
- 4- Tratar de conseguir que se expresen con claridade e precisión.**
- 5- Coñecer e valorala importancia dos medios de comunicación.**
- 6- Favorecela creatividade e potenciala imaxinación.**
- 7- Valoralo medio sociocultural no que viven e respetalo.**
- 8- Potencialo traballo en equipo.**
- 9- Desenvolvelo gusto pola estética e polo traballo ben feito.**

Actividades:

a) por parte do equipo de mestres/as

- 1 – Selección e difusión da bibliografía axeitada.**
- 2 - Preparación do traballo a realizar en cada aula.**
- 3 - Postas en común para realizalas orientacións metodolóxicas oportunas, así como rectificar ou continuar coa liña seguida.**
- 4 - Coordinalo traballo do alumnado.**
- 5 - Programar saídas interesantes ó entorno tanto de tipo cultural como social ou lúdicas.**
- 6- Enmaquetado da revista.**

7 - Difusión da revista na comunidade escolar, no seu entorno e diferentes organismos e administracións.

c) por parte dos alumnos/as

1 - Recollida de información e selección da máis interesante.

2- Elección democrática de titulares e de noticias puntuais de interese común.

3- Elaboración de noticias, artigos, contos, poemas cómics etc....

4 - Elaboración de actividades de lecer: encrucillados, xogos de palabras, xeroglíficos...

5 - Realización de entrevistas.

6 - Realización de iconos, debuxos, ilustracións...

7 - Realización de fotografías de festivaís e eventos.

Temporalización

Estas actividades realizaranse ó longo de todo o curso escolar, para tratar de recoller os aspectos máis salientables da vida escolar e tentar de reflectilo traballo dun ano.

A revista publicarase no mes de maio.

Elaboración de unidades Didácticas.

Obxetivos

1-Fomentalo uso da lingua galega.

2- Espertalo interese pola realidade cultural e polas tradicións

3- Valorala importancia da cultura como un ben común

4- Dispoñer de materiais axeitados para o desenvolvemento da nosa tarefa

Actividades

1 - Selección de materiais e elaboración de unidades didácticas referentes a:

O Magosto

O Nadal

Día da Paz

O Entroido

O Medio Ambiente

As letras Galegas

Os Maios

Día da declaración universal dos dereitos humanos

Día internacional da muller traballadora

Día mundial dos dereitos do consumidor

Semana da prensa

Día mundial de Europa

Día mundial da saúde

Día mundial do medio ambiente

Outras actividades realizadas nas diferentes titorías.

Dar a coñecer o material seleccionado e/ou elaborado entre todo o profesorado e tratar de poñelo en práctica.

Grupo de Teatro.

Obxetivos

Fomentalo uso da nosa lingua mediante a lectura de textos de escritores importantes.

Interesar ós alumnos e alumnas na elaboración de material de teatro, textos como vestuario, decorados etc.

Axudalos a ser quen de buscar o material axeitado para a realización das obras.

Tratar de conseguir unha fonética e dicción axeitada á nosa lingua.

Valorala importancia do teatro e dos contacontos na nosa cultura, tanto popular coma actual.

Potencionalo coñecemento do teatro, potencialo e divulgalo.

Favorecer a creatividade.

Actividades

Selección do material correspondente, e a súa adaptación.

Debe entenderse que os obras de teatro e contacontos proceden de obras de teatro ou novelas de autores moi importantes, si ben todas as obras representadas son adaptadas a os nenos polo propio E.D.L.G. o ben escritas polos propios mestres e mestras do colexio.

Preparación e ensaios

Coordenalos traballos dos alumnos

Concertalas representación teatrais e de contacontos

Temporalización.

Estas actividades realizaranse ao longo do curso, con ensaios semanais, e con mínimo de dúas representacións, tanto para teatro coma para contacontos.

Teatro e contacontos:

Teatro: “O Timo do Xocas” do escritor Anxel Fole.

Contacontos: O Fachendoso

As dúas obras foron adaptadas polo E.D.L.G.

Falemos da Nosa Historia:

Naceu este proxecto co gallo de contar a nosa historia dun xeito máis lúdico que formal, dun xeito diferente ao que nos teñen acostumados os libros de historia.

Tentase no fondo de facer unha redacción que nos conte a historia da nosa terra a través de ditos e refráns que van componendo a Galicia de hoxe.

O título proposto para este curso é “María Soliña” para iso os alumnos deben contar ca axuda dos seus devanceiros, ademais de buscar en enciclopedias e outros medios coma as novas tecnoloxías, o significado deste dito popular.

Este proxecto traspasa os límites das nosas aulas, xa que están invitados a participar todos os alumnos/as de centros públicos e privados de Galicia que escolarizen nenos/as de 5º e 6º de educación primaria ciclo ou 1º e 2º curso da ESO.

Tamén traspasa os límites do noso centro porque están implicados os seguintes organismos e institucións:

**Facultade de Ciencias da Educación (USC)
Dirección Xeral de Centros e Innovación Educativa.**

**Secretaría Xeral de Política Lingüística
Fundación Pedro Barrié de la Maza
Excm. Deputación de A Coruña.
Concello de Santiago
Consello da cultura galega
El Magisterio Español
Fundación amigos de Galicia
Fundación AFundación (antes Caixa Galicia)
Real Academia Galega (RAG)**

Premios:

Cando se puxo en marcha este proxecto pensouse en facer uns diplomas que reflectiran un pouco a nosa historia, así partindo dun fondo dos libros de noso historiador Antonio López Ferreiro, rescatáronse para os diplomas a vella

simbología da nosa cidade, como a cuncha da catedral, o escudo dos Fonseca, orixen da nosa universidade, o antigo escudo do concello de Santiago.

Así mesmo danse como premio figuras de Sargadelos.

Por outra banda os premios que escolaricen aos alumnos premiados levan un lote de libros para as súas bibliotecas escolares, cedidos pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.

O Concello de Santiago establece un premio especial para os tres primeiros premiados, que son entregados pola concelleira de educación e lingua galega.

A fundación AFundación fai entrega dun lote de libros.

Por primeira vez este curso teremos un premio por parte da RAG

Axenda escolar:

Introdúcese por sétima vez (con excelentes resultados nos cursos anteriores o que nos anima a continuar co proxecto) a axenda escolar cos seguintes obxectivos:

1 – Axudar ao alumnado a organizar e controlar as súas responsabilidades e tarefas escolares, para mellorar así o seu rendemento académico.

2 – Permitir ao profesorado transmitir aos pais, nais tutores/asa legais información relacionada co traballo escolar, progreso e comportamento do seu fillo/a ou tutelado/a.

3 – Servir aos pais, nais ou titores/as legais como medio de comunicación co profesorado e como ferramenta para o seguimento diario das tarefas escolares do seu fillo/a ou tutelado/a.

Caderno de titorias.

Introdúcese por primeira vez para facilitar o traballo administrativo a todos os mestres/as titores/as.

Blogue de normalización

O equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) ten un papel moi activo na vida do noso centro contribuíndo, non só a fomentar a lingua galega, senón tamén a desenvolver unha serie de actividades innovadoras e creativas nas que invitamos a participar a outros centros de Galicia.

Nosas iniciativas demostran que podemos chegar máis aló do simple coñecemento da lingua, achegando tamén a historia, e facilitando unha serie de materiais de apoio curricular, e outros que facilitan a vida e a convivencia entre todos os membros da nosa comunidade (axenda, cadernos de titoria, concursos etc.).

Comenzamos no derradeiro curso unha nova andaina, as TICs, coa inauguración dun blogue onde podemos expor o noso traballo ao mesmo tempo que invitamos a todos os que queiran sumarse aos nosos proxectos, tanto como participantes como dando novas ideas que fagan medrar cada día o noso equipo e os de toda Galicia.

MIL PRIMAVERAS MAIS

O noso blogue: Mil Primaveiras máis

Comenzamos no curso escolar 2013 – 2014 a andaina do blogue do Equipo Dinamizador da Lingua Galega (EDLG).

Tentamos poñer en el só as actividades organizadas e realizadas polo noso equipo.

Pensamos que tocamos nel tanto as actividades deste curso como as de cursos anteriores que poden ser de valor ao longo do tempo.

No noso blogue podese atopar:

Teatro

Anuncios en defensa da lingua

Concursos. Falemos da Nosa Historia

Cartel e lema

Axendas escolares.

E todos os nosos traballos.

Recibimos máis de 5000 visitas e esperamos que este curso teñamos moitas máis.

O coordinador do E.D.L.G.

Vº e Pr. O director

Asdo. José R. Carril Vázquez

Asdo. José R.Carril Vázquez

ACTIVIDADES DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2016 - 17, E A SÚA CUANTIFICACIÓN ECONOMICA.

O equipo dinamizador da lingua galega (EDLG) programou para o curso 2016 - 17 as seguintes actividades.

1 – Continuar elaborando e potenciando a revista escolar “Pegada”, na que interveñen tódolos alumnos/as de e. Infantil e Primaria. Custo 2.400 euros.

2 – Facer traballos en tódolos ciclos de e. Infantil e Primaria, co gallo de lembrar as conmemoracións máis salientables ó longo do curso escolar, tales como o Magosto, Nadal, Entroido, Día das letras galegas e outras sinaladas no calendario escolar. Custo 150 euros.

3 – Continuar os traballos do grupo de teatro “Máscara”, para representacións tanto internas (do centro), coma externas (participación en concursos). Custo 500 euros.

4 – Participar nos concursos organizados polos diferentes organismos ou institucións, nos que se fomenta o uso da lingua galega, así como a nosa historia. Custo sen cuantificar.

5 – Continuar organizando e potenciando o concurso “Falemos da nosa Historia”, que ten proxección autonómica. Custo 1200 euros.

6 – Realizar visitas culturais, organizadas polas distintas administracións e que teñan relación ca nosa lingua, historia ou literatura. Custo sen cuantificar.

- 7 – Continuar ca campaña de fomento de lectura en galego. Custo 800 euros.**
- 8 – Vixiancia da normativa legal en materia de Normalización Lingüística, facendo periódicas campañas de recordatorio e actualización da lexislación vixente. Custo sen cuantificar.**
- 9 – Calendario de parede. Custo 100 euros**
- 10 – planing de efemerides dos 366 días do ano. Custo 100 euros.**
- 11 – Workbook 6th. Caderno de inglés de apoio curricular (en galego). Custo 300 euros.**
- 12 – Os contos da miña escola. Caderno de lectura comprensiva para o 4º curso de primaria. Custo 600 euros.**
- 13 – Organización e posta en marcha do concurso “Falemos dos nosos contos” (sen cuantificar).**
- 14 – English Grammar for our pupils. Libro de apoio de inglés, en galego, para toda a primaria e 1º ciclo da E.S.O. Custo 500 euros.**
- 15 – Modificación e corrección nos cadernos de “Temos un Problema”e impresión do libro solucionario (só para mestres/as). Custo sen cuantificar.**
- 16 – O Trasguiño Guiño, libro de conto para agasallar aos nenos/as participantes nos diferentes concursos organizados polo centro. Custo 300 euros.**
- 17 – Calendario de bolsillo. Custo 90 euros**
- 18 – Axenda escolar 3569 euros.**
- 19 - Cadernos de titorias (sen cuantificar)**
- 20 – Blogue do EDLG 228 euros**

Nota: o desenvolvemento das presentes actividades ten unha relación directa coas subvencións obtidas no presente curso.

CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: revista escolar “Pegada nº 13”

Responsables: E.D.L.G.

Destinatarios/as: alumnos/as, familias, colexios e outros organismos publicos e privados.

Orzamento: 1.400 euros

Materiais: folios, cartolinas, pinturas, fotografía, informática, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: grupo de teatro “Máscara”

Responsables: E.D.L.G.

Destinatarios/as: alumnos/as, familias e outros organismos externos

Orzamento: 200 euros

Materiais: vestuario, decorados etc.

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: planing de efemerides galegas

Resposables: E.D.L.G.

Destinatarios/as: aulas e dependencias do centro, organismos publicos e privados

Orzamento: 100 euros

Materiais: bibliografía, informática

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: calendario escolar de parede

Responsables: E.D.L.G.

Destinatarios/as: aulas e dependencias do centro, organismos publicos e privados

Orzamento: 100 euros

Materiais: pinturas, folios, cartolinas, informática, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar
Titulo da actividade: calendario de sobremesa
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: profesorado, ANPAs, organismos publicos e privados.
Orzamento: 269 euros
Materiais: pinturas, folios, cartolinas, informatica, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar
Titulo da actividade: concurso de redacción historica “Falemos da Nosa Historia”
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as de 5º e 6º de primaria, 1º e 2º curso da ESO de Galicia.
Orzamento: 800 euros.
Materiais: bibliografía, informatica, imprenta, carteleria, dipticos, agasallos, etc.

Temporalización: 1 curso escolar
Titulo da actividade: “Temos un problema” libro de problemas para mestres/as e cadernos para alumnos/as (modificación de formato e problemas)
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as e mestres/as do centro, asi como de outros centros.
Orzamento: sen cuantificar.
Materiais: traballo persoal, informatica

Temporalización: 1 curso escolar
Titulo da actividade: “Workbook 6”, caderno de inglés (en galego)
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as e mestres/as de 6º de primaria, así coma de outros centros.
Orzamento: 200 euros

Materiais: traballo persoal, bibliografía, informatica

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: campaña de fomento da lectura en galego
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: todos os alumnos/as do centro
Orzamento: 500 euros

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: concurso de contos “Falemos dos nosos contos”
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos de primaria de Galicia.
Orzamento: sen cuantificar

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: lembranza de conmemoracións máis salientable
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: todos os alumnos/as do centro
Orzamento: 150 euros
Materiais: informática

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: participación en concursos externos
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: todos os alumnos/as do centro
Orzamento: sen cuantificar

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: visitas culturais
Responsables: E.D.L.G.

Destinatarios/as: todos los alumnos/as do centro
Orzamento: sen cuantificar

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: vixiancia da normativa legal
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as, mestres/as, persoal non docente etc.
Orzamento: sen cuantificar

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: os contos da miña escola (libro de lectura comprensiva para 1º ciclo de primaria)
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as, mestres/as do centro así como outros colexios
Orzamento: 200 euros.
Materiais: informatica, imprenta

Temporalización: 2 cursos escolares
Título da actividade: English Grammar for our pupils. Libro de apoio de inglés, en galego.
Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as, mestres/as do centro, así como de outros colexios.
Orzamento: 100 euros
Materiais: bibliografía, informatica, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar
Título da actividade: O Traguño Guiño.

Responsables: E.D.L.G.
Destinatarios/as: alumnos/as, mestres/as do centro, así coma de outros colexios.
Orzamento: 300 euros
Materiais: informatica, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: Solucionario

Responsable: E.D.L.G.

Destinatarios/as: mestres e mestras do centro, así como de outros colexios onde se utilizan os cadernos de problemas “Temos un problema”.

Orzamento: 100 euros

Materiais: informatica, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: Axenda escolar

Responsable: E.D.L.G.

Destinatarios: alumnos/as de primaria do colexio e as súas familias, así como os mestres e mestras.

Orzamento: 3569 euros

Materiais: informatica, imprenta

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade: Cartel e lema

Responsable: E.D.L.G.

Destinatarios: alumnos/as de primaria

Orzamento: sen cuantificar

Materiais: cartolinas, pinturas, tesoiras. Etc.

Temporalización: 1 curso escolar

Título da actividade. Caderno de titorias

Responsable: EDLG

Destinatarios: mestres/as titores/as

Orzamento : 200 euros

Materiais: informatica, imprenta

Temporalización: permanente

Título la actividade: blogue “Mil primaveiras mais”

Responsable: EDLG

Destinatarios: aberto

Orzamento: 228 euros
Materiais: informatica

Orzamento total previsto para o curso 2016 - 17 = 4.447 euros

O coordinador do E.D.L.G.

Vº e Pr. O director

Asdo.: José Ramón Carril Vázquez

Asdo.: José Ramón Carril Vázquez

BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICO

Revista escolar “Pegada” (exemplar adxunto)

A revista escolar “Pegada” é feita exclusivamente polos nenos e nenas do colexio desde 3 anos a 6º de primaria.

Está composta por 65 cariñas (co aproveitamento da contraportada) e ten a seguinte distribución:

Editorial , única folla escrita por un mestre ou mestra.

O editorial escribo a persoa que remata a súa vida laboral, facendo unha breve lembranza da súa andaina profesional e deixanos a súa pegada na nosa “Pegada”.

Se non houbera compañeiros ou compañeiras que se xubilan ese ano enton o

editorial faino o E.D.L.G.

Tres cariñas corresponde a fotografías de conmemoracións realizadas no centro como o Magosto, Nadal, Entroido etc.

Catro cariñas corresponden ao concurso “Falemos da nosa Historia”, unha cariña é a acta do xurado e as outras 3 son o traballo ganador.

O resto das cariñas distribúense a 3 por cada unha das 19 titorías do centro.

A tirada anual da revista é de 450 exemplares.

Grupo de teatro “Máscara”

O grupo de teatro ten como un dos obxetivos principais o fomento do uso da nosa lingua mediante a lectura de textos de escritores importantes.

A obra que elaboramos este curso é “O Timo do Xocas” do escritor Anxel Fole, e adaptada polo EDLG.

Todos os anos o grupo cambia de obra. Así mesmo os nenos e nenas que integran o grupo de teatro son tamén os presentadores dos festivais ou entrega de premios do colexio.

Roturación de aulas e dependencias.

As aulas e dependencias do centro pasan a ter nomes dos nosos devanceiros, axeitados a súa actividade. Naturalmente que esto podese trocar cada ano en función das demandas dos docentes ou dos propios alumnos/as.

A carteleria colocada é de elaboración propia dos alumnos/as.

O proxecto deste curso é o seguinte:

Aulas de e. Infantil

Aula de 3 anos A: José Neira Vilas

Aula de 3 anos B: Maruxa Mallo

Aula de 3 anos C

Aula de 4 anos A: Luis Pimentel

Aula de 4 anos B: Fina Casalderrei

Aula de 5 anos A: Laxeiro

Aula de 5 anos B: Carlos Casares

Aulas de primaria

Aula de 1º A: Eduardo Pondal

Aula de 1º B: Curros Enriquez

Aula de 2ºA: Grupo Nós

Aula de 2º B: Celso Emilio Ferreiro

Aula de 3º A: Camilo José Cela

Aula de 3º B: Rosalia de Castro

Aula de 4º A: Helena Villar Janeiro

Aula de 4º B: Alfonso D.R.Castelao

Aula de 5º A: P.G. Boullosa

Aula de 5º B: Manuel María

Aula de 6º A: Francisca Herrera Garrido

Aula de 6º B: Agustín Fernández Paz

Dependencias

Audición e linguaxe: Luis Seoane

Pedagogía terapeutica: Eduardo Blanco Amor

Biblioteca: Teresa Moure

Ximnasio: Chus Lago

Comedor: Alvaro Cunqueiro

Música: Luis Amado Carballo

Dirección: Grupo Nós
Orientación: M^a Dolores García Quintas
X. de Estudios: Jesús Toro de Santos

Falemos da Nosa Historia

Naceu este proxecto co gallo de contar a nosa historia dun xeito máis lúdico que formal, dun xeito diferente ao que nos teñen acostumados os libros de historia.

Tentase no fondo de facer unha redacción que nos conte a historia da nosa terra a través de ditos de refráns que van compoñendo a Galicia de hoxe.

O título proposto para este curso é “María Soliña”, e para iso os alumnos e alumnas deben contar ca axuda dos seus devanceiros, ademais de buscar en enciclopedias e outros medios como as novas tecnoloxías, o significado deste dito popular.

Este proxecto traspasa os límites das nosas aulas, xa que están invitados a participar todos os alumnos/as de centros públicos e privados de Galicia que escolarizen nenos/as de 5º e 6º curso de primaria ou 1º e 2º curso da ESO.

Tamén traspasa os límites do noso centro porque están implicados os seguintes organismos e insituacións:

Facultade de Ciencias da Educación (USC)
Dirección Xeral de Centros e Innovación Educativa.
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Fundación Pêdro Barrié de la Maza.
Excm. Deputación de A Coruña.
Concello de Santiago
Consello da cultura galega
El Magisterio Español
Fundación de Amigos de Galicia
Fundación AFundación (antiga Caixa Galicia)
Real Academia Galega (RAG)

Premios:

Cando se puxo en marcha este proxecto pensouse en facer uns diplomas que reflectiran un pouco a nosa historia, así partindo dun fondo dos libros do noso historiador Antonio López Ferreiro, rescatáronse para os diplomas a vella simboloxía da nosa cidade, como a cuncha da catedral de Santiago, o escudo dos Fonseca, orixe da nosa universidade, ou o antigo escudo do concello de Santiago.

Así mesmo danse como premio figuras de Sargadelos.

A partires do pasado curso escolar o Concello de Santiago fai entrega de 3 premios especiais para os tres ganadores.

Por outra banda os centros que escolarizen aos alumnos/as premiados levan un lote de libros, cedidos pola Fundación Pedro Barrie de la Maza, para as súas bibliotecas escolares.

O concello de Santiago, a fundación AFundación e a RAG fan tamén unha entrega de libros adaptada a idade dos nenos premiados, así como a Secretaria Xeral de Política Lingüística.

Calendario de parede con un cartel e lema en defensa da lingua galega.

O Coordinador do E.D.L.G.

Vº e Pr. O Director

Asdo.: José Ramón Carril Vázquez

Asdo.: José Ramón Carril Vázquez